



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Presidente:

O Presidente da Federación Galega de Pelota é o órgano executivo da mesma. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, executando os seus acordos. Otorga os poderes de representación e administración que sexan precisos e ostenta a Dirección Superior da Administración federativa. O Presidente da Federación Galega nomeará e cesará os membros dos órganos xurisdiccionais da Federación Galega así como os Presidentes da Delegacións Zonais e Comité Galego de Xuíces.

A duración do cargo de Presidente será de catro anos.

O desempeño do cargo de Presidente será incompatible cas seguintes actividades:

- Ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas; exceptúase a Federación Española da mesma modalidade deportiva.
- Desenrolo de actividades ou desempeño de cargos en clubs ou entidades deportivas integradas na Federación Galega.
- A persoa que resulte eleixida como Presidente da Federación Galega deberá cesar en todo tipo de actividades directas no deporte do pelota e no ámbito territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, ca práctica activa do pelota.

O presidente cesará por:

- Transcurso do mandato para o cal foi eleixido.
- Dimisión.
- Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- Por incurrir nunha causa de inexibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso dispoñerá dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente.
- Por causas de cese a inhabilitación para o exercicio de cargo público, por sentenza xudicial firme.

Xunta Directiva:

A Xunta Directiva é o órgano colexiado a quen corresponde a xestión e administración da Federación Galega, así como a execución e cumprimento dos acordos da Asemblea. O número de membros, non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15. Os membros da Xunta Directiva serán nomeados e revocados libremente polo Presidente.

O Presidente eleixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un máximo de dous Vicepresidentes, que o serán tamén da Federación, os cales substituirán ó Presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un Secretario, que á súa vez o será da Federación, así como un Tesoureiro. Tales cargos, baseados na confianza, poderán ser removidos polo Presidente cando o considere oportuno.

Serán membros natos da Xunta Directiva da Federación, agás renuncia expresa, os Presidentes das Federacións Zonais, en que se estrutura a Federación Galega, e Comité Galego de Árbitros.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso á mesma, con voz pero sen voto.

Tódolos cargos son honoríficos e, en caso de establecerse algunha compensación económica a favor dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral e constar dunha forma diferenciada no Presuposto Xeral. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación Galega.

MEMBROS ACTUAIS DÁ XUNTA DIRECTIVA

Presidente	José Frá Rodríguez
Vicepresidente 1º	José Mª Olaiz García
Vicepresidente 2º	Apolinar Hermida Ballina
Secretario	Manuel Vázquez Iglesias
Tesorero	Carlos Cayado García
Vocal	Guillermo Joaquín Fernández Tárrago
Vocal	Luis Alvarez Cámara
Vocal	Estibaliz Marcaida Zallo
Vocal	Javier Barberán Vilches
Vocal	María del Pilar Pardo Madarro
Vocal	Juan Iglesias Parga
Vocal	Manuel Alberto Santalla Gómez
Vocal	Enrique Rodríguez Vigo